



Esta mañá, preto dun centenar de menores deron por clausurada a tempada 2021 da Escola de Verán organizada polo Concello de Verín. Como broche final, os asistentes gozaron dunha divertida festa de disfraces e dunha xornada de actividades acuáticas con inchables.

Este ano, como novidade, os menores inscritos nesta iniciativa participaron nas Primeiras Olimpíadas das Escolas Deportivas. Nas mesmas realizáronse multitude de actividades deportivas tales como carreiras de obstáculos, natación, tiro con arco ou pádel, entre outros.

Na entrega dos diplomas honoríficos estiveron presentes o tenente de alcalde e concelleiro de Mocidade, Diego Lourenzo Moura, e a concelleira de Recursos Humanos e Persoal, Rosario Rodríguez Delgado.